

OX.1

Conservar e promover a cultura marítima nos seus diversos ámbitos e como eixe de cohesión social.

OE1.01.

Resaltar a variedade das manifestacións que conforman a cultura marítima na súa relación co territorio.

OX.i
Obxectivo estratéxico

OEi.00.
Obxectivo específico

A.00. P.00
Accións Proxectos

A.01.

Expoñer as especificidades do bordo litoral base da cultura marítima en relación co seu patrimonio.

- P.01**
Estudo técnico xeográfico de delimitación do ámbito da cultura marítima no perímetro costeiro, nas rías (altas e baixas), esteiros e cursos fluviais.
- P.02**
Documento de análise, a diversas escalas, da complexidade estrutural e dinámica das paisaxes marítimas dos litorais cantábrico e atlántico.
- P.03**
Atlas virtual: Recompilación das diferentes expresións do patrimonio moble, inmobile e inmaterial vencellado á súa situación xeográfica. Servirá como ferramenta para distintos intereses: académicos, de análise territorial ou para a xestión urbanística, entre outros.

A.02.

Consolidar os espazos paradigmáticos que abranguen as diversas manifestacións de patrimonio marítimo galego.

- P.04**
Inventario, con delimitación e estudo pormenorizado, das áreas de especial valor cultural, paisaxístico e patrimonial onde se evidencie a cultura marítima (áreas nai).
- P.05**
Rede de lugares de especial interese para a comprensión da cultura marítima (EICM), asociando os núcleos de interese litoral do POL como premisa.
- P.06**
Inventario con delimitación e estudo do patrimonio somerxido, salientando as áreas de maior concentración e a importancia dos pecios. Debe ser realizado exclusivamente por profesionais capacitados en arqueoloxía subacuática, cumprindo os protocolos e procedementos legais nacionais e internacionais nesta materia.
- P.07**
Programa de concienciación e implicación das comunidades litorais na preservación e valoración do patrimonio vencellado á cultura marítima, a través de guías locais previamente formados.

A.03.

Regular a localización das novas infraestruturas e protexer as existentes para evitar o impacto paisaxístico negativo nos EICM.

- P.08**
Manual de boas prácticas: A) para unha integración paisaxística nos espazos naturais costeiros que inclúa actuacións de accesibilidade e B) para a nova construción ou a rehabilitación das contornas industriais do mar e as súas edificacións asociadas.
- P.09**
Proxecto Emblema 1: Conservación dun EICM, realizado de forma didáctica por un equipo multidisciplinario (profesionais da arquitectura, arqueoloxía, paisaxismo, xeografía, historia, mar...), que sirva de exemplo de posta en valor, integración e visión de futuro dunha área EICM (A.28.P.76).

OX.1

OE1.02.

Sensibilizar a sociedade na comprensión da cultura marítima como xeradora dunha **identidade propia**.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00.

Accións

P.00

Proxectos

A.04.

Incentivar escenarios de diálogo sobre a memoria, expresións e demais manifestacións culturais.

P.10

Mesas de diálogo sobre: A) A muller no mundo do mar; B) Valores asociados aos oficios tradicionais; C) Entendemento das actividades tradicionais nos criterios actuais de sostibilidade; D) Vinculación das manifestacións relixiosas coa cultura marítima e E) O mar como medio para a comunicación e o transporte.

P.11

Conformación de grupos de **coidadores do patrimonio** encargados da valorización e mais da dinamización social da memoria e do patrimonio marítimos.

P.12

Instrumento de valoración vencellado ao atlas (A.01.P.03) que axude á reflexión sobre a pluralidade do patrimonio do mar (voto con nota, comentarios e achegas fotográficas das persoas usuarias). Servirá como ferramenta para distintos intereses: académicos, de análise territorial ou de xestión urbanística, entre outros.

A.05.

Definir estratexias de divulgación de coñecemento vencelladas á cultura marítima dirixidas a públicos diversos, estruturadas e ordenadas ao longo do bordo litoral.

P.13

Creación dunha liña de apoio orientada á potenciación da creatividade artística mariñeira (artes visuais, escénicas, literarias, entre outras), que marque as pautas do financiamento para a promoción de novos talentos en áreas urbanas e rurais.

P.14

Creación dunha liña de apoio mediante subvencións a fondo perdido para a realización de actividades culturais: charlas de expertos, cafés-concertos da cultura marítima, programación de contacontos en museos sobre historias ou lendas vencelladas á cultura marítima e xornadas de portas abertas en talleres de artesáns e industrias do mar. As ditas actividades poderían canalizarse a través da rede de espazos existentes como arquivos, bibliotecas e museos.

P.15

Potenciar a realización de actividades culturais marítimas nos concellos litorais cada 20 de maio, Día Marítimo Europeo (EMD). O EMD é o punto de encontro anual da comunidade marítima de Europa para establecer redes, debater e forxar unha acción conxunta.

A.06.

Investigar con rigor científico o patrimonio inmaterial (talonimia, léxico mariñeiro, cosmovisión) desde unha perspectiva histórica e sociolóxica/etnográfica.

P.16

Estudo de detalle da toponimia e microtoponimia do bordo litoral (Cantábrico e Atlántico) e tamén dos fondos mariños, dos bancos marisqueiros e das marcas de pesca.

P.17

Análise histórica da autoorganización, cosmovisión e relación co medio das xentes do mar.

P.18

Creación dun arquivo único vinculado á Web do mar (A.10.P.27) apoiando as institucións para achegar os seus materiais en: **A) Arquivo audiovisual:** recompilación dos traballos previos sobre memoria oral; **B) Fototeca,** con imaxes históricas en relación coas historias de vida.

OX.1

OE1.03.

Garantir a transmisión **interxeracional dos saberes tradicionais** vencellados á cultura marítima.

OX.i
Obxectivo estratéxico

OEi.00.
Obxectivo específico

A.00. **P.00**
Accións Proxectos

A.07.

Ampliar o coñecemento da realidade cotiá das mulleres do mar e integralo nos proxectos de posta en valor da cultura marítima.

P.19

Repositorio dixital aberto e accesible sobre a memoria oral das mulleres do mar, incorporando fontes fotográficas e instrumentais. Creación dun enlace na Web do mar (A.10.P.27) e en Galiciana: Biblioteca Dixital de Galicia.

P.20

Espazos de transferencia de coñecementos e difusión pública sobre a realidade cotiá das mulleres do mar.

A.08.

Favorecer o cambio a unha percepción positiva das profesións tradicionais para que lles resulten atractivas ás novas xeracións.

P.21

Recompilación de material audiovisual existente e rexistros sonoros sobre profesións do mar con visión de pasado e presente: transcricións de entrevistas a traballadores destes, para complementar estudos e arquivos existentes.

P.22

Salvagardar e difundir a memoria viva dos oficios e experiencias profesionais, a través de documentación existente (A.08.P.21) que revaloricen estas actividades como sinais de identidade comunitaria, que axuden a cambiar a percepción negativa e que fomenten a remuda xeracional.

P.23

Creación de **talleres de aprendizaxe para a mocidade** impartidos por profesionais do mar con distintos rangos de idade e vinculados coa transmisión de saberes.

P.24

Creación de contidos audiovisuais para as redes sociais encamiñados a empatizar coas tradicións das comunidades marítimas de Galicia.

A.09.

Fomentar o ocio vencellado á cultura marítima a través de actividades atractivas e inclusivas.

P.25

Liña de apoio de actividades vencelladas á cultura marítima de profundidade conceptual e non formal: A) favorecer a contratación de empresas especializadas nas festas mariñeiras con programas culturais e lúdicos coherentes coa temática destas, B) desenvolvemento de actividades mariñeiras para ofrecer nos campamentos de verán.

P.26

Calendario anual de eventos culturais ou campionatos de deportes marítimos: regatas, campionatos de surf, vela, remo, mergullo...

A.10.

Facilitar o acceso aberto da cidadanía a unha oferta conxunta da cultura marítima.

P.27

Subdominio dentro da páxina web da Consellería do Mar, con banco de proxectos e que enlace o atlas virtual, rutas, aplicacións, redes sociais, estudos creados (censos...), con iniciativas relacionadas coa cultura marítima.

P.28

Pilulas da cultura marítima: emisión de contido audiovisual sobre a cultura marítima en medios televisivos e radiofónicos xeneralistas.

P.29

Aplicación do patrimonio marítimo galego: instrumento gratuito de divulgación, de fácil acceso, en relación coas novas xeracións e con prácticas sostibles.

A.11.

Impulsar programas educativos e culturais en colaboración coas administracións competentes (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería do Mar e/ou deputacións) para o achegamento do alumnado e do resto da sociedade á cultura marítima.

P.30

Implantación da **Semana Azul** nos centros de ensino, de xeito que durante un período de tempo establecido se realicen actividades, tarefas, visitas guiadas a elementos patrimoniais ou competicións deportivas directamente vencelladas á cultura marítima. Pódese incorporar ás actividades das bibliotecas públicas dos concellos litorais.

P.31

Incrementar os apoios aos encontros de embarcacións tradicionais. Vincular a súa realización coa Semana Azul (A.11.P.30). Crear e recompilar organizadamente todo o traballo realizado arredor destes encontros cun enfoque didáctico, promocional e de visión de futuro.

P.32

Dicionario en liña de termos da cultura marítima, en colaboración coa Real Academia Galega.

P.33

Proxecto MAR (baseado no proxecto *Terra* da Xunta de Galicia e do Colexio de Arquitectos): unidades didácticas da cultura marítima para diversos niveis educativos coordinadas por persoal docente e técnico de museos.

OX.1

OE1.04.

Estimular a conservación do patrimonio moble e inmobile.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00. P.00

Accións Proxectos

A.12.

Poñer en valor as instalacións do bordo litoral: estaleiros, fábricas de salgadura, conserveiras, casetas de pescadores, ramplas ou estruturas menores con interese patrimonial.

P.34

Inventario do patrimonio marítimo moble e inmobile para o seu coñecemento exhaustivo, que permita reflectir a súa situación actual. O inventario incluírá de base o patrimonio cultural marítimo dos catálogos existentes de diversos organismos (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Costas do Estado, e Colexio de Arquitectos de Galicia).

P.35

Reserva ou selección de espazos para a atracada, salvagarda e exposición de embarcacións de madeira, con rebaixa ou cota de amarre nula, ademais de recuperar docas ou ancoradoiros tradicionais existentes como espazos públicos de mostra e aprendizaxe.

P.36

Alertas de protección do patrimonio marítimo galego en risco de desaparecer. As alertas enviaranse ás institucións e axentes locais competentes na súa salvagarda.

P.37

Estudo de detalle das tipoloxías e oficios vencellados ás edificacións para formular novos usos destas, de xeito colaborativo e participativo coa cidadanía e cos axentes do concello ao que pertencen.

P.38

Guía para a rehabilitación do patrimonio marítimo, baseada en exemplos de boas prácticas na costa galega.

A.13.

Favorecer o achegamento ao patrimonio da cultura marítima a través de ferramentas dixitais con xeolocalización e vencelladas a outras plataformas, como Google Maps ou Wikiloc.

P.39

Aplicación de rutas do mar con mapas descargables de Google Maps cos elementos visitables da cultura marítima xeolocalizados. Vinculación directa coa aplicación do patrimonio (A.10.P.29).

OX.2

Construír un sistema galego en prol da cultura marítima mediante a converxencia de institucións, recursos e axentes.

A.14.

Crear o Observatorio da cultura marítima.

A.15.

Articular e cohesionar os resultados e as accións financiadas coa axuda dos GALP e a Consellería do Mar, así como doutras administracións e entidades, cunha perspectiva de traballo e un esquema de visión local e global, avaliando as estruturas, concluíndo cales é necesario repetir e cales non, ou axudando nos proxectos de cooperación.

A.16.

Crear unha liña de traballo estratéxica e mancomunada das institucións autonómicas (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería do Mar, Axencia Turismo de Galicia e deputacións provinciais) para establecer puntos de encontro e actuacións conxuntas e coordinadas.

A.17.

Deseñar ferramentas para a catalogación integral dos elementos de patrimonio marítimo común a todos os concellos da costa.

A.18.

Garantir a presenza das mulleres nas estruturas de gobernanza do ámbito marítimo (asociacións, confrarías, federacións etc.).

OE2.01.

Definir liñas de coordinación e actuación das administracións e entidades sobre o patrimonio e a cultura marítimos de Galicia.

P.40

Observatorio co obxectivo de advertir, facer cumprir e mirar con atención a construción dun sistema galego en prol da cultura marítima.

P.41

Catálogo dos proxectos conxuntos de visión global: A) censo dos proxectos realizados de rehabilitación e/ou posta en valor de instalacións do bordo litoral, B) censo de documentación histórica das confrarías de pescadores xa dixitalizada e C) censo de procesións marítimas e festas e D) outros proxectos de compoñente cultural.

P.44

Liña de traballo unificada para conseguir: A) a inclusión do Plan da cultura marítima de Galicia na lexislación autonómica relacionada que está en redacción ou que se redacte nun futuro, B) a candidatura das rías como paisaxe cultural, C) a candidatura da carpintería de ribeira como patrimonio da humanidade e D) outras.

P.47

Proposta de **directrices** para a catalogación dos elementos de patrimonio marítimo, que deberán estar aliñadas cos criterios que manexa a Administración competente en materia de patrimonio cultural, para poder facilitar o proceso de reflexión e posterior inclusión destes bens (se é o caso e tras decisión da Administración competente) nas ferramentas de protección do patrimonio cultural.

P.52

Incorporación, como **criterio baremable** nas convocatorias de subvención ou nos convenios, da paridade de xénero nas xuntas directivas ou nas estruturas de gobernanza das entidades relacionadas coa cultura marítima.

P.42

Comisión de expertos, co fin de avaliar os proxectos culturais presentados ás liñas de axudas GALP e os resultados das accións financiadas cos fondos da FEMP.

P.45

Decálogo de regras básicas para unha cultura marítima sostible.

P.46

Custodia, clasificación e dixitalización de documentación vencellada á cultura marítima nos organismos competentes: A) Fondos correspondentes no Arquivo do Reino de Galicia; B) Sección de patrimonio marítimo na Biblioteca de Galicia; C) Fondos vencellados a outras entidades.

P.49

Dixitalización de documentación histórica das confrarías de pescadores para incluír nunha canle de consulta en liña (na web da cultura marítima e/ou a través de Galiciana).

P.53

Perspectiva de xénero: incorporación de mulleres con perfís técnicos nos equipos de deseño e elaboración de proxectos relacionados coa conservación e difusión da cultura marítima.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00. P.00

Accións Proxectos

P.43

Gran Mostra da Cultura Marítima, aglutinada arredor de dous eixes: o patrimonio cultural e as manifestacións artísticas (presente e futuro) como reforzo aos froitos do traballo dos encontros de embarcacións tradicionais.

P.50

Rede de entidades, confrarías, comunidades litorais e outras asociacións culturais que sirvan como nexos para transformar o presente e construír o futuro a través da súa tradición marítima.

P.51

Mapeamento fotográfico das xentes e do territorio litoral.

OX.2

OE2.02.

Velar pola realización das accións do Plan da cultura marítima de Galicia e proxectar unha **visión de futuro** con políticas consolidadas sobre a dita cultura.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00. P.00

Accións Proxectos

A.19.

Avaliar os catro obxectivos xerais e as súas accións no ámbito espazo-tempo.

P.54

Informes técnicos: A) sobre o grao de execución das accións ou da viabilidade destas en función dos recursos e da implicación das administracións e institucións concernidas, B) sobre posibles camiños de financiamento.

P.55

Evento de carácter internacional para contrastar con axentes especializados os modelos e as liñas marcadas polo Plan da cultura marítima de Galicia en perspectiva comparada.

A.20.

Crear alianzas e redactar proxectos conxuntos coas entidades vencelladas á cultura marítima para conseguir fondos.

P.56

Apoiar as entidades culturais e sectoriais para traballar de maneira conxunta na redacción de propostas para acadar fondos da UE como Next Generation, Espazo Atlántico, Interreg ou Bauhaus of the seas.

P.57

Convenio da Xunta A) co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a salvagarda e estudo do patrimonio documental das capitánías e distritos marítimos de Galicia mediante a transferencia de fondos aos arquivos históricos provinciais e/ou inventario, así como dixitalización documental, B) co Ministerio de Cultura e co Ministerio de Defensa para a catalogación de fondos documentais do Arquivo Xeral de Simancas (AXS) e do Arquivo Xeral da Mariña Álvaro de Bazán (AXMAB), respectivamente.

OX.2

OE2.03.

Xerar **mecanismos estables de reflexión** e iniciativas compartidas con outros actores culturais.

A.21.
Crear instrumentos que permitan as sinerxías de encontro e comunicación entre diferentes ámbitos e axentes para o intercambio de experiencias e o impulso de proxectos colaborativos que incorporen a innovación e a creatividade.

P.58
Foros de encontro entre A) confrarías e referentes da gastronomía local, B) axentes de portos e arquitectos urbanistas, C) asociacións culturais con clubs de deportes náuticos, D) mulleres de oficios do mar con referentes de emprendemento tecnolóxico e E) outros.

P.59
Listaxe: recompilación e unificación das feiras, festas náuticas etc. en toda a costa galega (Cantábrico e Atlántico).

P.60
Podcast de reflexión con conversas con axentes culturais sobre experiencias, manifestacións e visións presentes da cultura marítima desde a gastronomía de vangarda, os deportes marítimos, as perspectivas de diversidade ou a muller no mundo do mar.

A.22.
Conseguir patrocinios de actividades artísticas enfocadas á creación e ao fortalecemento da identidade cultural marítima.

P.61
Bolsas para residencias de artistas de diversas procedencias e disciplinas.

P.62
Exposicións itinerantes das creacións artísticas da cultura marítima galega actual.

P.63
Paquete turístico sostible propio vencellado na súa totalidade coa cultura marítima.

P.64
Paquete de espazos sostibles para a reflexión: promover e apoiar infraestruturas existentes para a difusión das expresións artísticas da cultura marítima.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00. P.00

Accións Proxectos



OX.3

Potenciar o desenvolvemento do sector produtivo das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura.

OE3.01.

Entender a cadea mar-industria como un feito sostible social, económica e medioambientalmente.

OX.i
Obxectivo estratéxico
OEi.00.
Obxectivo específico
A.00. P.00
Accións Proxectos

A.23.

Analizar o contexto do sector pesqueiro e marítimo e a súa posible evolución como determinantes do futuro da cultura marítima.

P.65

Documento de referencia do impacto sobre a cultura marítima da evolución socioeconómica e tecnolóxica do sector pesqueiro e previsión da súa evolución.

P.66

Documento marco de usos esenciais e secundarios do espazo mar e marítimo-terrestre.

A.24.

Recuperar e poñer en valor o papel esencial das mulleres na sustentabilidade do sector, no produtivo e comercial (salgadura, conserva, marisqueo, elaboración e reparación de redes, bateas, venda etc.) e no reprodutivo.

P.67

Documento de diagnóstico mediante un proceso participativo sobre a situación das mulleres do mar e os impactos dos cambios no sector, deseñando escenarios de futuro e impulsando un plan de acción específico.

P.68

Xornadas técnicas divulgativas arredor do papel das mulleres como sostén da vida das comunidades marítimas e garantes da súa supervivencia presente e futura.

A.25.

Salientar a relación entre as industrias do litoral e a súa afección no desenvolvemento socioeconómico constante do territorio.

P.69

Foros en contornos profesionais nos que se poña en valor o impacto dos oficios tradicionais no tecido empresarial dos espazos costeiros.

P.70

Estudos de investigación das actividades de pesca e marisqueo na súa relación co territorio desde a perspectiva medioambiental e da sustentabilidade.

A.26.

Apoiar as actividades empresariais respectuosas co medio ambiente e transmisoras de valores culturais identitarios.

P.71

Subvencións A) ás explotacións forestais de especies autóctonas destinadas á construción de bateas ou embarcacións tradicionais, B) estaleiros de construción de embarcacións tradicionais, C) conserveiras tradicionais, D) redeiras e E) outras empresas innovadoras no futuro da cultura marítima.

P.72

Subvencións a emprendedores e empresas con proxectos innovadores que cumpran o decálogo de regras básicas para unha cultura marítima sostible (A.16.P.45).

A.27.

Explorar liñas de acción entre empresas/profesionais e asociacións ou persoas afeccionadas.

P.73

Liña colaborativa: agrupacións implicadas na execución dos proxectos Emblema (A.28.P.76), fomentando o vínculo entre empresa e sociedade.

P.74

Liña loxística e financeira: axuda a innovadores no campo empresarial con asesoramento sobre maduración de ideas e iniciativas sostibles e inclusivas.

P.75

Crear liñas de emprendemento: cetarias de intercambio. Incubadoras-espazos de traballo colaborativo de emprendedores ou departamentos novos de empresas existentes que traballen en prol do decálogo da cultura marítima (A.16.P.45).

OX.3

OE3.02.

Apoiar os **oficios tradicionais** e promover o valor cultural engadido dos seus produtos.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00.

Accións

P.00

Proxectos

A.28.

Promover a realización de proxectos Emblema: tres proxectos que representen o conxunto das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura e cun financiamento a medio prazo para custos operativos.

P.76

Proxectos:

Emblema 1: Conservación dun EICM.**Emblema 2:** Construción dunha embarcación en madeira.**Emblema 3:** Investigación dos roteiros históricos dos produtos do mar.

P.77

Coordinación entre a Administración e o sector privado para o desenvolvemento dos proxectos Emblema propostos no A.28.P.76.

P.78

Documentación do proceso para a súa difusión e como base para futuras repeticións.

P.79

Financiamento a medio prazo para o desenvolvemento dos proxectos Emblema propostos no A.28.P.76.

A.29.

Fortalecer a imaxe dos produtos de cultura marítima de maneira que sexa facilmente identificable.

P.80

Listaxe dos produtos con valor cultural engadido para a súa promoción e fortalecemento de cara a posicionamentos de mercado.

P.81

Selo de cultura marítima (logo) dedicado ás accións ou produtos que xurdan do Plan da cultura marítima de Galicia e dos GALP (foros, exposicións, rutas, proxectos Emblema...).

A.30.

Fomentar a profesionalización e mais a aprendizaxe dos oficios vencellados á construción de embarcacións tradicionais, á fabricación e reparación de redes, ao marisqueo... incorporando a singular experiencia das traballadoras do mar.

P.82

Creación de obradoiros/módulos de formación profesional regrada e programas de validación e mellora: A) obradoiros propios dos proxectos Emblema (A.28.P.76) que marquen as pautas dun proceso formativo circular, B) avaliación e mellora dos plans formativos de centros como a Escola de FP Marítimo-Pesqueira (Bueu) ou o Centro de Formación A Aixola (Marín).

P.83

Proxecto Emblema 2: Construción dunha embarcación en madeira. (A.28.P.76)

P.84

Programa de bolsas: A) de emigrantes retornados, co fin de incluír o novo produto de formación na oferta de bolsas aos retornados existentes; B) de formación nos oficios involucrados na produción dos proxectos Emblema.

OX.3

OE3.03.

Vencellar o **sector profesional** ás asociacións culturais e inclusivas.

OX.i
Obxectivo estratéxico

OEi.00.
Obxectivo específico

A.00. P.00
Accións Proxectos

A.31.

Estimular a formación e a contratación de persoas en risco de exclusión nos distintos oficios tradicionais.



P.85

Bolsas de traballo en colaboración con Fundación Once, Cogami, Bata... para persoas con discapacidade nas empresas da cadea mar-industria.



P.86

Programa de apoio con organismos como Cruz Vermella, Cáritas ou a Fundación Ronsel para fomentar a incorporación das escolas de oficio á súa estrutura de inserción laboral.

A.32.

Fomentar espazos de encontro entre asociacións de mulleres profesionais do mar e crear redes de traballo e apoio mutuo.



P.87

Consolidación de **espazos e redes femininas** de profesionais do mar.



OX.4

Estender o coñecemento da cultura marítima de Galicia nos ámbitos nacional e internacional.

OE4.01.

Fortalecer o papel da investigación arredor da cultura marítima no seo do sistema universitario galego.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00. P.00

Accións Proxectos

A.33.

Crear equipos de investigación nas universidades e noutros espazos de educación superior.

P.88

Grupos de investigación consolidados e colaborativos na UDC, USC e UVigo.

P.89

Liña de cultura marítima no Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) que fomente o patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas a través de iniciativas de I+D.

P.90

Cátedra do Mar: captación de apoios das empresas da cadea mar-industria: empresa-universidade co fin de definir unha estratexia universitaria para investigación relacionada co mar.

P.91

Bolsas de investigación da cultura marítima desde diversos enfoques, como a perspectiva de xénero, o sociolóxico, o arquitectónico e o histórico.

A.34.

Celebrar e participar en congresos nacionais e internacionais para mellorar o coñecemento sobre a cultura marítima.

P.92

Eventos científicos sobre cultura e patrimonio marítimos.

P.93

Portal sobre cultura marítima que aglutine teses de doutoramento, monografías, artigos científicos e outras publicacións da mesma temática.

OX.4

OE4.02.

Proxectar profesionais e empresas con valor cultural nos seus proxectos.

OX.i

Obxectivo estratéxico

OEi.00.

Obxectivo específico

A.00.

Accións

P.00

Proxectos

A.35.

Incorporar a cultura marítima ás redes nacionais e internacionais existentes de visión cultural, obxectivos e produtos semellantes. Dinamización da cultura propia.



P.94

Rede europea de entidades de patrimonio marítimo, en relación coas redes de patrimonio etnográfico e industrial.



P.95

Folla de ruta no exterior da Mostra da cultura marítima (A.05.P.14) en organismos e lugares onde poida ser trasladada.



P.96

Casas de Galicia: apoio nesta rede arredor do mundo para a promoción e a difusión da cultura marítima.

A.36.

Incentivar desde a Administración a participación en redes profesionais (estatais e internacionais), así como a investigación de cara a unha cultura marítima sostible e innovadora.



P.97

Intercambios dentro dos oficios tradicionais da cultura marítima nacional e internacional para dinamizala e para darlles visibilidade aos profesionais e oficios do mar, co fin de crear a Rede Galega de Profesionais do Sector do Mar, que englobará todos os oficios artesanais para a súa proxección internacional.



P.98

Estratexia de acompañamento de difusión para facilitar a asistencia de empresas e profesionais a foros e congresos.



P.99

Hub de investigación "Innovar desde o propio", que reúna tradición, innovación e sostibilidade; por exemplo, substitución de plásticos en redes, bateas, etc.



P.100

Proxecto Emblema 3: Investigación dos roteiros históricos dos produtos do mar. (A.28.P.76)